Todoos contratos suscritos antes do 30-03-2022 e ata a súa total extinción rexiranse polo establecido no Capítulo II: Contratación do Convenio colectivo de Carpintería, Ebanistería e Actividades Afíns da provincia de Pontevedra publicado no BOPPO, nún 179 do xoves, 16 de novembro de 2021.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os atrasos correspondentes ao ano 2022, serán aboados no prazo máximo de dous meses, a contar dende a publicación do convenio no BOPPO.

ANEXO I.- Ámbito funcional.

- 1.-Fabricación de chapas, taboleiros contrachapeados, taboleiros de barro e de madeira laminada e semellantes, taboleiro de partículas (ou aglomerado), taboleiro de fibras, taboleiro de labras (non filamentos) orientadas (OSB) e doutros taboleiros (sándwich, LVL, rechapeados, etc.).
- 2.-Fabricación de tabiques con madeira e/ou produtos derivados da madeira.
- 3.-Fabricación de chans de madeira.
- 4.-Fabricación de estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción, así coma outras estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería destinadas principalmente a construción: trabes, viguetas, vigas mestras, cumiales de madeira laminada, colada para tellados, prefabricadas e conectadas por elementos metálicos.
- 5.-Fabricación de edificios prefabricados ou seus elementos, feitos coa madeira e produtos derivados da madeira, fabricación de vivendas móbiles ben sexa de armazón lixeiro ou madeira maciza.
- 6.-Fabricación de portas de madeira, fiestras, persianas e os seus marcos, conteñan ou non accesorios metálicos.
- 7.-Fabricación doutros produtos de madeira para a construción (saunas, casetas, etc.).

- 8.-Fabricación de envases e embalaxes de madeira.
- 9.-Fabricación de caixas, gaiolas, cilindros, urnas e envases semellantes de madeira.
- 10.-Fabricación de paletas, caixas de paletas, e outros paneis de madeira para a carga.
- 11.-Fabricación de barrís, cubas, tinas e outras manufacturas de tonalaría de madeira.
- 12.-Fabricación de cilindros de madeira para cables.
- 13.-Fabricación doutros produtos de madeira: tapizarías, tonelarías, carrozarías, carreterías, tornerías, tallistas, artesanía e decoración da madeira, modelistas, cesteiría, brochas, pinceis, cepillos e vasoiras e outras actividades industriais da madeira: baúis, billares, artigos diversos de madeira para o fogar, deporte, decoración, uso escolar, calzado.
- 14.-Fabricación de xogos e xoguetes de madeira.
- 15.-Fabricación de mobles para o fogar, xogos, moblaxe de oficina e colectividade, mobles de cociña, de baño e outros mobles.
- 16.-Fabricación de colchóns e somieres, etc.
- 17.-Fabricación de mobiliario urbano, parques infantís, etc.
- 18.-Fabricación de instrumentos musicais de madeira.
- 19.-Fabricación de lascas, briquetas e pellets.
- 20.-Recollida, tratamento e eliminación de refugallo non perigosos de madeira.
- 21.-Actividades anexas á industria do moble (acabado, vernizado, tapizado, dourado, etc.)
- 22.-Toda actividade industrial de madeira que exista ou poida crearse.

ANEXO II.

Motivo da Licenza	Tempo	Xustificante
Matrimonio do traballador/a Matrimonio de fillo/a, pais/nais, irmáns/as	Quince días naturais. O día laborábel.	Libro de familia ou certificado oficial
Nacemento ou adopción de fillos (1) Nacemento con complicación do parto (cesárea) (2)	Catro días naturais, ampliables ata seis se é necesario un desprazamento fóra da provincia de residencia do traballador, agás que sexa dentro da mesma área sanitaria. Durante a hospitalización da nai.	Libro de familia ou certificado oficial Xustificante médico ou do centro hospitalario
Enfermidade grave do cónxuxe ou fillos/as Enfermidade grave de pais/nais, sogros/as, irmáns/ás, cuñados/ás, netos/as ou avós/avoas (2)	Catro días naturais, ampliables ata seis se é necesario un desprazamento fóra da provincia de residencia do traballador, agás que sexa dentro da mesma área sanitaria. Dous días naturais, ampliables ata catro se é necesario un desprazamento fóra da provincia de residencia do traballador, agás que sexa dentro da mesma área sanitaria. As licencias deste apartado empezarán a gozarse en día laborable.	Xustificante médico ou do centro hospitalario
Traslado a un centro médico causado por enfermidade do cónxuxe Traslado a un centro médico causado por enfermidade dos fillos en idade escolar	Cinco horas ao ano. Oito horas ao ano.	Xustificante médico ou do centro hospitalario
Falecemento do cónxuxe, fillos/as, pais/nais ou sogros/as que convivan co traballador ou dos que este sexa fillo/a único/a (1) Falecemento de pais, nais (3), irmáns/as, avós/avoas, netos/as, sogros/as e cuñados/as Falecemento de pais, nais, fillos/as, sogros/as ou cónxuxes	Seis días naturais, ampliables ata oito se é necesario un desprazamento fóra da provincia de residencia do traballador, agás que sexa dentro da mesma área sanitaria. Dous días naturais, ampliables ata catro se é necesario un desprazamento fóra da provincia de residencia do traballador, agás que sexa dentro da mesma área sanitaria. Se o traballador se atopa desprazado fóra de Comunidade Autónoma, a empresa correrá cos gastos de locomoción, nos medios de transporte que se teñan pactados, que posibiliten a súa asistencia ao óbito, agás que sexa dentro da mesma área sanitaria. As licencias deste apartado empezarán a gozarse en día laborable.	Documento que acredite o feito
Cambio de domicilio	O día laborábel. Dous días se o cambio se produce fóra de concello.	Documento que acredite o feito
Consulta ao médico especialista da Seguridade Social (4) Consulta ao médico de cabeceira ou médico especialista da sanidade privada	O tempo necesario. Máximo de cinco horas/día. Máximo de seis saídas anuais, sen que as ausencias poidan superar dezoito horas/ano	Documento que acredite o feito
Renovar o DNI e/ou o permiso de condución	O tempo necesario, cun máximo de catro horas ao ano para os traballadores con xornada partida ou continuada de mañá. Terán que xustificar a ausencia a solicitude da empresa.	Documento que acredite o feito
Calquera que sexa a causa alegada	Dous días laborábeis ao ano, non retribuídos. O permiso haberá de ser solicitado por escrito á empresa cunha antelación mínima de cinco días.	

1) Estas licencias terán idénticos efectos aínda cando non existindo unión matrimonial, se manteña unha relación análoga de afectividade, e se poida xustificar a convivencia en parella.

2) Entenderase que existe enfermidade grave, exclusivamente, nos supostos en que se produza hospitalización ou intervención cirúrxica que precise de repouso domiciliario. Nestes supostos, o tempo de licenza poderá ser ampliado, sen dereito a remuneración, cando a enfermidade supere os prazos establecidos.

3) Se a licenza coincide con dous ou máis días non laborábeis, ampliarase en 1 día.

4) Se a consulta leva consigo a realización de probas médicas que precisen repouso, o traballador/a terá dereito a un día de licenza, sempre e cando dita necesidade de repouso veña recollida no informe médico.

ANEXO III.

TÁBOA SALARIAL 2022

GRUPO	SUBGRUPO		SALARIO	Hora extra
Grupo 1	Técnicos	Enxeñeiro	1.780,51	15,25
		Titulado de Grao Superior	1.780,51	15,25
		Analista de Sistemas	1.780,51	15,25
		Director de Área ou Servizo	1.780,51	15,25
		Arquitecto	1.780,51	15,25
		Licenciado	1.780,51	15,25
Grupo 2	Técnicos	Enxeñeiros Técnicos	1.750,34	15,15
		Técnicos en Relacións Laborais	1.750,34	15,15
		Titulados de Grao Medio	1.750,34	15,15
		Axudantes de Enxeñería e Arquitectura	1.750,34	15,15
Grupo 3	Técnicos	Analista Programador	1.730,89	15,10
		Delineante Proxectista	1.730,89	15,10
		Debuxante Proxectista	1.730,89	15,10
	Técnicos	Xefe de Oficina,	1.730,89	15,10
		Xefe de Área ou Servizo	1.730,89	15,10
		Xefe de Oficina Técnica	1.730,89	15,10
Operarios	Encargado Xeral	1.730,89	15,10	
	Xefe de Taller	1.730,89	15,10	
Grupo 4	Técnicos	Técnico en Xeral non Titulado	1.641,15	13,90
		Delineante Técnico Especialista	1.549,35	13,50
		Delineante de 1ª	1.549,35	13,50
		Programador	1.549,35	13,50
	Operarios	Encargado de Sección	1.667,11	14,75
		Encargado de Producción	1.667,11	14,75
		Xefe de Equipo	1.602,86	13,65
		Oficial Preparador-Trazador	1.602,86	13,65
Grupo 5	Técnicos	Oficial 1ª Administrativo	1.549,35	13,50
		Oficial 2ª Administrativo	1.456,72	13,10
		Delineante Técnico Auxiliar	1.456,72	13,10
		Delineante de 2ª	1.456,72	13,10
		Viaxante	1.456,72	13,10
	Operarios	Oficial 1ª	1.544,16	13,40
		Condutor de Vehículos/Maquinaria (1)	1.544,16	13,40
		Oficial 2ª	1.487,15	13,30
Grupo 6	Técnicos	Auxiliar Administrativo	1.401,70	12,90
		Telefonista/Recepcionista	1.401,70	12,90
	Operarios	Condutor de Vehículos/Maquinaria (2)	1.487,15	13,30
Axudante en Xeral		1.429,32	12,95	
Grupo 7	Operarios	Peón	1.373,21	12,90
		Operario de Limpeza	1.373,21	12,90

(1): Carné especial

(2): Non carné especial

TÁBOA SALARIAL 2023

GRUPO	SUBGRUPO		SALARIO	Hora extra
Grupo 1	Técnicos	Enxeñeiro	1.833,93	16,75
		Titulado de Grao Superior	1.833,93	16,75
		Analista de Sistemas	1.833,93	16,75
		Director de Área ou Servizo	1.833,93	16,75
		Arquitecto	1.833,93	16,75
		Licenciado	1.833,93	16,75
Grupo 2	Técnicos	Enxeñeiros Técnicos	1.802,85	16,65
		Técnicos en Relacións Laborais	1.802,85	16,65
		Titulados de Grao Medio	1.802,85	16,65
		Axudantes de Enxeñería e Arquitectura	1.802,85	16,65
Grupo 3	Técnicos	Analista Programador	1.782,82	16,60
		Delineante Proxectista	1.782,82	16,60
		Debuxante Proxectista	1.782,82	16,60
	Técnicos	Xefe de Oficina,	1.782,82	16,60
		Xefe de Área ou Servizo	1.782,82	16,60
		Xefe de Oficina Técnica	1.782,82	16,60
	Operarios	Encargado Xeral	1.782,82	16,60
Xefe de Taller		1.782,82	16,60	
Grupo 4	Técnicos	Técnico en Xeral non Titulado	1.690,38	15,40
		Delineante Técnico Especialista	1.595,83	15,00
		Delineante de 1ª	1.595,83	15,00
		Programador	1.595,83	15,00
	Operarios	Encargado de Sección	1.717,12	16,25
		Encargado de Produción	1.717,12	16,25
		Xefe de Equipo	1.650,95	15,15
		Oficial Preparador-Trazador	1.650,95	15,15
Grupo 5	Técnicos	Oficial 1ª Administrativo	1.595,83	15,00
		Oficial 2ª Administrativo	1.500,42	14,60
		Delineante Técnico Auxiliar	1.500,42	14,60
		Delineante de 2ª	1.500,42	14,60
		Viaxante	1.500,42	14,60
	Operarios	Oficial 1ª	1.590,48	14,90
		Condutor de Vehículos/Maquinaria (1)	1.590,48	14,90
		Oficial 2ª	1.531,76	14,80
Grupo 6	Técnicos	Auxiliar Administrativo	1.443,75	14,40
		Telefonista/Recepcionista	1.443,75	14,40
	Operarios	Condutor de Vehículos/Maquinaria (2)	1.531,76	14,80
		Axudante en Xeral	1.472,20	14,45
Grupo 7	Operarios	Peón	1.414,41	14,40
		Operario de Limpeza	1.414,41	14,40

(1): Carné especial

(2): Non carné especial

TÁBOA SALARIAL 2024

GRUPO	SUBGRUPO		SALARIO	Hora extra
Grupo 1	Técnicos	Enxeñeiro	1.888,95	18,00
		Titulado de Grao Superior	1.888,95	18,00
		Analista de Sistemas	1.888,95	18,00
		Director de Área ou Servizo	1.888,95	18,00
		Arquitecto	1.888,95	18,00
		Licenciado	1.888,95	18,00
Grupo 2	Técnicos	Enxeñeiros Técnicos	1.856,94	17,90
		Técnicos en Relacións Laborais	1.856,94	17,90
		Titulados de Grao Medio	1.856,94	17,90
		Axudantes de Enxeñería e Arquitectura	1.856,94	17,90
Grupo 3	Técnicos	Analista Programador	1.836,30	17,85
		Delineante Proxectista	1.836,30	17,85
		Debuxante Proxectista	1.836,30	17,85
	Técnicos	Xefe de Oficina,	1.836,30	17,85
		Xefe de Área ou Servizo	1.836,30	17,85
		Xefe de Oficina Técnica	1.836,30	17,85
Operarios	Encargado Xeral	1.836,30	17,85	
	Xefe de Taller	1.836,30	17,85	
Grupo 4	Técnicos	Técnico en Xeral non Titulado	1.741,09	16,65
		Delineante Técnico Especialista	1.643,70	16,25
		Delineante de 1ª	1.643,70	16,25
		Programador	1.643,70	16,25
	Operarios	Encargado de Sección	1.768,63	17,50
		Encargado de Produción	1.768,63	17,50
		Xefe de Equipo	1.700,48	16,40
		Oficial Preparador-Trazador	1.700,48	16,40
Grupo 5	Técnicos	Oficial 1ª Administrativo	1.643,70	16,25
		Oficial 2ª Administrativo	1.545,43	15,85
		Delineante Técnico Auxiliar	1.545,43	15,85
		Delineante de 2ª	1.545,43	15,85
		Viaxante	1.545,43	15,85
	Operarios	Oficial 1ª	1.638,19	16,15
		Condutor de Vehículos/Maquinaria (1)	1.638,19	16,15
		Oficial 2ª	1.577,71	16,05
Grupo 6	Técnicos	Auxiliar Administrativo	1.487,06	15,65
		Telefonista/Recepcionista	1.487,06	15,65
	Operarios	Condutor de Vehículos/Maquinaria (2)	1.577,71	16,05
		Axudante en Xeral	1.516,37	15,70
Grupo 7	Operarios	Peón	1.456,84	15,65
		Operario de Limpeza	1.456,84	15,65

(1): Carné especial

(2): Non carné especial

MODIFICACIÓN (BOP Núm. 102 - Martes, 30 de maio de 2023)

ACORDO MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL DE EMPRESAS DO

SECTOR DE CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS PARA OS ANOS 2022 A 2024.

Código de Convenio número 36000215011982.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba a modificación do texto do convenio colectivo para o persoal laboral das empresas do sector de CARPINTERIA, EBANISTERIA E ACTV.AFINES para os anos 2022 a 2024, con domicilio na provincia de Pontevedra, que foi publicado no BOP número 74 de data 18.04.2023, subscrito en representación da parte económica, polas organizacións empresariais Asociación Comarcal de Empresarios de A Estrada(ACE) e a Asociación de Empresarios da Madeira de Pontevedra(ASEMA) e da parte social polas Centrais sindicais CCOO, CIG e UGT, e que foi asinado en data 25 de abril do 2023.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 15 de maio do 2023

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en galego Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

Vigo, 18/05/2023.-A Xefa Territorial.

**CONVENIO COLECTIVO DE CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS
DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**
(Código de Convenio nº 36000215011982)
COMISIÓN NEGOCIADORA

ACTA EMENDA ERROS

ASISTENTES:

REPRESENTACIÓN SOCIAL

<u>CIG</u> D. Carlos Méndez Iglesias	
<u>CCOO</u> D. Francisco Estévez Rodríguez	
<u>UGT</u> D. José Carlos Casal Iglesias	

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

D. Mario Cardama Barrientos (ASEMA)	D ^a Elena Moreira Agra (ACE)
D ^a Isabel Carou Segade (ACE)	D. Félix Rodríguez Regueiro (ACE)

En Vigo, nos locais da CEP, sendo as 10:00 horas do día 25 de abril do 2023, reúnen-se os representantes de traballadores e empresarios do sector de Carpintería, Ebanistería e Actividades Afíns da provincia de Pontevedra co fin de emendar o artigo 34.3 do texto do convenio citado, publicado no BOPPO do día 17 de abril de 2023. Asisten as persoas sinaladas arriba.

- Acórdase a seguinte redacción para o artigo 34.3: A estes efectos establécese, durante a vixencia.

En Vigo, nos locais da CEP, sendo as 10:00 horas do día 25 de abril do 2023, reúnen-se os representantes de traballadores e empresarios do sector de Carpintería, Ebanistería e Actividades Afíns da provincia de Pontevedra co fin de emendar o artigo 34.3 do texto do convenio citado, publicado no BOPPO do día 17 de abril de 2023. Asisten as persoas sinaladas arriba.

- Acórdase a seguinte redacción para o artigo 34.3: A estes efectos establécese, durante a vixencia do convenio, como compensación a cantidade de 0,28 euros/km a partir da publicación do convenio.
- Noméase a Ignacio Bouza Gil, con DNI xxx68xxxx, para que presente e rexistre a presente acta de emenda de erros diante da plataforma REGCOM da Consellería de Igualdade e Promoción do Emprego.

Remátase a reunión sendo as 11:00 do citado día.

MODIFICACIÓN Y CALENDARIO 2024 (BOP Núm. 2 - Mércores, 3 de xaneiro de 2024)

ACORDO DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL DAS EMPRESAS DO SECTOR DE CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV. AFINS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, POLO QUE SE MODIFICA O ARTIGO 12 DO CONVENIO COLECTIVO.

Código de Convenio número: 36000215011982.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral das empresas do sector de CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV.AFINS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, polo que se modifica o artigo 12 do convenio colectivo respecto o contrato formativo para a obtención de práctica profesional e se establece o calendario laboral para o ano 2024, subscrito en representación da parte económica, pola organizacións empresariais Asociación de Empresarios da Madeira de Pontevedra(ASEMA) e a Asociación de Empresarios da Estrada(ACE) e da parte social polas Centrais sindicais CIG, CCOO e UGT, que foi adoptado o devandito acordo en data 3 de novembro do 2023 Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 30 de novembro do 2023.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O xefe territorial

CONVENIO COLECTIVO DE CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Código de Convenio nº 36000215011982).

COMISIÓN NEGOCIADORA. ACTA EMENDA ERROS E FESTIVOS 2024.

ASISTENTES:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL.

ASEMA.

- D. Mario Cardama Barrientos.

ACE.

- D^a Elena Moreira Agra.

- D. Félix Rodríguez Regueiro.

REPRESENTACIÓN SOCIAL.

CIG.

- D. Carlos Méndez Iglesias.

- D. Manuel Núñez Rúa.

CCOO.

- D. Francisco Estévez Rodríguez.

UGT.

- D. José Carlos Casal Iglesias.

En Vigo, nos locais da CEP, sendo as 10:00 horas do día 3 de novembro do 2023, reúnen-se os representantes das persoas traballadoras e do sector empresarial de Carpintería, Ebanistería e Actividades Afíns da provincia de Pontevedra co fin de emendar o artigo 12 e modificar o artigo 20 do texto do convenio citado, publicado no BOPPO do día 17 de abril de 2023. Asisten as persoas sinaladas arriba. Acordan:

Primeiro.- Dar a seguinte redacción o artigo 12:

CONTRATO FORMATIVO PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL.

A persoa traballadora deberá estar en posesión dun título universitario ou de grado medio ou superior, especialista, máster profesional ou certificado do sistema de formación profesional, así como con aqueles que posúan un título equivalente de ensinanza artística ou deportiva do sistema educativo, que habiliten ou capaciten para o exercicio da actividade laboral.

A duración deste contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder dun ano.

Ten que concertarse dentro dos tres anos seguintes ao remate dos correspondentes estudos (cinco anos si se concerta cunha persoa con discapacidade).

Non poderán subscribirse con quen xa obtivo experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilita esta contratación.

Ningunha persoa poderá ser contratada na mesma ou distinta empresa por tempo superior aos máximos previstos en virtude da mesma titulación ou certificado profesional. Tampouco se poderá estar contratado en formación na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior aos máximos previstos, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

Poderase establecer un período de proba que en ningún caso poderá exceder dun mes, salvo o disposto no artigo 8.

O posto de traballo deberá permitir a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos de formación obxecto do contrato.

A empresa elaborará o plan formativo individual no que se especifique o contido da práctica profesional, e asignará titor ou titora que conte coa formación ou experiencia adecuadas para o seguimento do plan e o correcto cumprimento do obxecto do contrato.

A retribución será o 75%, durante a vixencia do contrato, do salario fixado no Anexo III para a persoa traballadora que exerza o mesmo ou equivalente posto de traballo, sempre que ditas contías non sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional. No caso de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial o salario reducirase en proporción o tempo efectivamente traballado.

As persoas contratadas con contrato de formación para a obtención de práctica profesional non poderán realizar horas extraordinarias, salvo no suposto previsto no artigo 35.3 do ET.

As empresas poderán solicitar por escrito ao SEPE información relativa a si as persoas ás que pretenden contratar estiveron previamente contratadas baixo esta modalidade e a duración destas contratacións. Dita información deberá ser trasladada á representación legal das persoas traballadoras e terá valor liberatorio a efectos de non exceder a duración máxima deste contrato.

Poderanse celebrar contratos formativos para a obtención da práctica profesional para todos os grupos profesionais recollidos na táboa salarial (Anexo III), excepto o grupo 7.

Segundo.- Dar a seguinte redacción ao artigo 20:

DIAS FESTIVOS.

1.- A efectos de distribución e adecuación da xornada anual, con vixencia para o ano 2024, consideraranse como no laborais e retribuídos os días: 5 de xaneiro, 12 e 13 de febreiro, 1 de abril, 24 de xuño, 26 de xullo, 16 de agosto, 31 de outubro, 24 e 31 de decembro.

2.- Nos concellos onde a festividade local coincida cun día non laborable ou festivo de convenio, trasladarase ao día inmediatamente seguinte. Para o ano 2024 serán festivos de convenio os días:

- 14 de febreiro: AGOLADA, ILLA DE AROUSA, MONDARIZ-BALNEARIO, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, TOMIÑO, TUI, VIGO e VILABOIA.

- 2 de abril: FORNELOS DE MONTES, MEIS, PAZOS DE BORBÉN, PONTE CALDELAS, PORTAS, RIBADUMIA, SANXENXO e SOUTOMAIOR.

- 25 de xuño: AGOLADA, CALDAS DE REIS, COVELO, MARÍN, NIGRÁN, POIO e RODEIRO.

- 29 de Xullo: A LAMA e O ROSAL.

- 19 de agosto: ARBO, CALDAS DE REIS, CRECENTE, CUNTIS, GONDOMAR, MONDARIZ, VALGA, VIGO e VILAGARCÍA DE AROUSA.

3.- Os días de descanso retribuído, establecidos no apartado 1, poderán ser modificados por acordo entre empresa e as persoas traballadoras, ou a súa representación legal, para axustalos ás necesidades das partes.

Terceiro.- Autorízase á persoa habilitada do Consello Galego de Relacións Laborais, para que faga os trámites necesarios para o rexistro, depósito e publicación do texto da presente acta na Plataforma REGCON, así como en todos os rexistros correspondentes.

Remátase a reunión, sendo as 10:45 horas do día e lugar arriba indicados, de todo o cal as partes dan fe coa súa firma.

REVISIÓN SALARIAL (BOP Núm. 38 – Xoves, 22 de febreiro de 2024)

ACTUALIZACIÓN E INCREMENTO DAS TÁBOAS SALARIAIS DO ANO 2024, PARA O PERSOAL DAS EMPRESAS DO SECTOR DE CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTIVIDADES AFÍNS.

Convenio o Acordo: CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV.AFINS.

Expediente: 36/01/0038/2024.

Data: 07/02/2024.

Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN.

Código de Convenio número: 36000215011982.

Visto o Acordo da Comisión Paritaria polo que se aproba o texto do acordo sobre actualización e incremento das táboas salariais do ano 2024, para o persoal das empresas do sector de CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV.AFINS, con domicilio na provincia de Pontevedra, suscrito en representación da parte económica, por unha representación das empresas do sector, a Asociación Comarcal de Empresarios de A Estrada (ACE) e a Asociación Provincial de Empresarios da Madeira (ASEMA), e pola parte social polas organizacións sindicais mais representativas CIG, UGT e CC.OO, que foi asinado en data 31 de xaneiro do 2024.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 5 de febreiro do 2024.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial, ACORDA:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O xefe territorial.

DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

(Código de Convenio nº 36000215011982).

COMISIÓN PARITARIA.

ACTA REVISIÓN SALARIAL 2024.

ASISTENTES:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL.

ASEMA.

D. Mario Cardama Barrientos.

ACE.

D^a Elena Moreira Agra.

D. Félix Rodríguez Regueiro.

REPRESENTACIÓN SOCIAL CIG.

D. Carlos Méndez Iglesias.

CCOO.

D. Francisco Estévez Rodríguez.

UGT.

D. José Carlos Casal Iglesias.

En Vigo, nos locais da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), sendo as 10:00 horas do día 31 de xaneiro do 2024, reúnense os representantes das persoas traballadoras e do sector empresarial de Carpintería, Ebanistería e Actividades Afíns da provincia de Pontevedra co obxecto de cuantificar o exceso do IPC a 31 de decembro de 2023 sobre o 3% previsto no convenio e elaborar unha nova táboa salarial para 2024, segundo o dispón o artigo 29.1. Asisten as persoas sinaladas arriba. Acordan:

Primeiro.- Dado que o IPC ao 31 de decembro de 2023, respecto ao 1 de xaneiro, foi dun 3,1%, efectúase unha revisión salarial do 0,1%. Este exceso, que non xenera ningún tipo de atrasos, terase en conta soamente a efectos do cálculo das novas táboas salariais do ano 2024.

Acompáñase a nova táboa salarial que será de aplicación dende o 1 de xaneiro de 2024.

Segundo.- Autorízase á persoa habilitada do Consello Galego de Relacións Laborais, para que faga os trámites necesarios para o rexistro, depósito e publicación do texto da presente acta na Plataforma REGCON, así como en todos os rexistros correspondentes.

Remátase a reunión, sendo as 10:30 horas do día e lugar arriba indicados, de todo o cal as partes dan fe coa súa firma.

TÁBOA SALARIAL 2024				
GRUPO	SUBGRUPO		SALARIO	Hora Extra
Grupo 1	Técnicos	Enxeñeiro	1.890,78	18,00
		Titulado de Grao Superior	1.890,78	18,00
		Analista de Sistemas	1.890,78	18,00
		Director de Área ou Servizo	1.890,78	18,00
		Arquitecto	1.890,78	18,00
		Licenciado	1.890,78	18,00
Grupo 2	Técnicos	Enxeñeiros Técnicos	1.858,74	17,90
		Técnicos en Relacións Laborais	1.858,74	17,90
		Titulados de Grao Medio	1.858,74	17,90
		Axudantes de Enxeñería e Arquitectura	1.858,74	17,90
Grupo 3	Técnicos	Analista Programador	1.838,08	17,85
		Delineante Proxectista	1.838,08	17,85
		Debuxante Proxectista	1.838,08	17,85
	Técnicos	Xefe de Oficina,	1.838,08	17,85
		Xefe de Área ou Servizo	1.838,08	17,85
		Xefe de Oficina Técnica	1.838,08	17,85
	Operarios	Encargado Xeral	1.838,08	17,85
		Xefe de Taller	1.838,08	17,85
Grupo 4	Técnicos	Técnico en Xeral non Titulado	1.742,79	16,65
		Delineante Técnico Especialista	1.645,30	16,25
		Delineante de 1ª	1.645,30	16,25
		Programador	1.645,30	16,25
	Operarios	Encargado de Sección	1.770,35	17,50
		Encargado de Produción	1.770,35	17,50
		Xefe de Equipo	1.702,13	16,40
		Oficial Preparador-Trazador	1.702,13	16,40
Grupo 5	Técnicos	Oficial 1ª Administrativo	1.645,30	16,25
		Oficial 2ª Administrativo	1.546,93	15,85
		Delineante Técnico Auxiliar	1.546,93	15,85
		Delineante de 2ª	1.546,93	15,85
		Viaxante	1.546,93	15,85
	Operarios	Oficial 1ª	1.639,79	16,15
		Condutor de Vehículos ou Maquinaria (1)	1.639,79	16,15
		Oficial 2ª	1.579,25	16,05
Grupo 6	Técnicos	Auxiliar Administrativo	1.488,51	15,65
		Telefonista/Recepcionista	1.488,51	15,65
	Operarios	Condutor de Vehículos ou Maquinaria (2)	1.579,25	16,05
		Axudante en Xeral	1.517,84	15,70
Grupo 7	Operarios	Peón	1.458,25	15,65
		Operario de Limpeza	1.458,25	15,65

(1) carné especial
(2) Non carné especial

CALENDARIO 2025 (BOP Núm. 245 – Mércores, 18 de decembro de 2024)

CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2025 PARA O PERSOAL LABORAL DAS EMPRESAS DO SECTOR CARPINTERÍA EBANISTERÍA E ACTV.AFÍNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Convenio o Acordo: CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV.AFINS.

Expediente: 36/01/0311/2024.

Data:03/12/2024.

Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN.

Código de Convenio número 36000215011982.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral das empresas do sector CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV.AFINS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, polo que establece o calendario laboral para o ano 2025, subscrito en representación da parte económica, polas organizacións empresariais Asociación de Empresarios da Madeira de Pontevedra(ASEMA) e a Asociación de Empresarios da Estrada(ACE) e da parte social polas Centrais sindicais CIG,CCOO e UGT, e que foi adoptado o devandito acordo en data 12 de novembro do 2024

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado no Departamento Territorial de Pontevedra con sede en Vigo en data 29 de novembro do 2024.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Este departamento territorial,

ACORDA:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en galego

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O director territorial.

CONVENIO COLECTIVO DE CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (CÓDIGO DE CONVENIO Nº 36000215011982).

COMISIÓN NEGOCIADORA. ACTA FESTIVOS 2025.

ASISTENTES:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL.

ASEMA, D. Mario Cardama Barrientos.

ACE, D^a Elena Moreira Agra.

ACE, D. Félix Rodríguez Regueiro.

ACE, D^a Ana Belén Blanco Castro.

REPRESENTACIÓN SOCIAL.

CIG, D. Carlos Méndez Iglesias.

CIG, D. Ricardo Arias Alén.

CCOO, D. Francisco Estévez Rodríguez.

CCOO, D. Valeriano González Alejandro.

UGT, D. José Carlos Casal Iglesias.

En Vigo, nos locais da CEP, sendo as 10:00 horas do día 12 de novembro do 2024, reúnen-se os representantes das persoas traballadoras e do sector empresarial de Carpintería, Ebanistería e Actividades Afíns da provincia de Pontevedra co fin de emendar o 20 do texto do convenio citado, publicado no BOPPO do día 17 de abril de 2023. Asisten as persoas sinaladas arriba.

Acordan:

Primeiro.- Dar a seguinte redacción ao artigo 20:

DIAS FESTIVOS.

1. A efectos de distribución e adecuación da xornada anual, con vixencia para o ano 2025, consideraranse como no laborais e retribuídos os días: 3 y 4 de marzo, 21 de abril, 2 de maio, 24 de xullo, 14 de agosto, 31 de outubro, 24, 26 e 31 de decembro.

2. Nos concellos onde a festividade local coincida cun día non laborable ou festivo de convenio, trasladarase ao día inmediatamente seguinte. Para o ano 2025 serán festivos de convenio os días:

- 5 de marzo: GONDOMAR, ILLA DE AROUSA, PAZOS DE BORBEN, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, TOMIÑO, TUI, VIGO E VILABOIA.

- 22 de abril: FORNELOS DE MONTES, MEIS, PONTE CALDELAS, PORTAS, RIBADUMIA, SANXENXO e SOUTOMAIOR.

- 5 de maio: AGOLADA E COVELO.

- 21 de xullo: MORAÑA - 28 de xullo: VALGA.

- 18 de agosto: CALDAS DE REIS, MONDARIZ E VILAGARCÍA DE AROUSA.

- 25 agosto: NIGRAN.

- 6 outubro: BARRO.

- 15 decembro: MEAÑO E MORAÑA.

3. Os días de descanso retribuído, establecidos no apartado 1, poderán ser modificados por acordo entre empresa e as persoas traballadoras, ou a súa representación legal, para axustalos ás necesidades das partes.

Terceiro.- Autorízase á persoa habilitada do Consello Galego de Relacións Laborais, para que faga os trámites necesarios para o rexistro, depósito e publicación do texto da presente acta na Plataforma REGCON, así como en todos os rexistros correspondentes.

Remátase a reunión, sendo as 11:00 horas do día e lugar arriba indicados, de todo o cal as partes dan fe coa súa firma.

REVISIÓN SALARIAL (BOP Núm. 107 - Venres, 6 de xuño de 2025)

ACORDO POLO QUE SE APROBAN AS TÁBOAS SALARIAIS DE EXERCICIO 2025 E A MODIFICACIÓN DO TEXTO DO

CONVENIO DAS EMPRESAS DO SECTOR DE CARPINTERIA, EBANISTERIA E ACTV.AFÍNS PARA OS ANOS 2022 A 2024.

Convenio o Acordo: CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV.AFÍNS.

Expediente: 36/01/0113/2025.

Data: 28/05/2025.

Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN.

Código de Convenio número 36000215011982.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproban as táboas salariais de exercicio 2025 e a modificación do texto do convenio colectivo para o persoal laboral das empresas do sector de CARPINTERIA, EBANISTERIA E ACTV.AFÍNS para os anos 2022 a 2024, que foi publicado no BOP número 74 de data 18.04.2023, con domicilio na provincia de Pontevedra, suscrito o devandito acordo en representación da parte económica, polas organizacións empresariais Asociación Comarcal de Empresarios de A Estrada(ACE) e a Asociación de Empresarios da Madeira de Pontevedra(ASEMA) e da parte social polas Centrais sindicais CCOO, CIG e UGT, e que foi asinado a devandita modificación do convenio colectivo o 29 de abril do 2025 Primeiro.- Dito Acordo foi presentado no Departamento Territorial de Vigo en data 26 de maio do 2025 Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, Este departamento territorial, ACORDA:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en galego

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O director territorial

CONVENIO COLECTIVO DE CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.
(CÓDIGO DE CONVENIO N.º 36000215011982).

COMISIÓN NEGOCIADORA.

7ª Reunión 2025.

ASISTENTES:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL.

ASEMA.

- D. Mario Cardama Barrientos.

ACE.

- D^a Elena Moreira Agra.

- D^a Ana Belén Blanco Castro.

- D. Félix Rodríguez Regueiro.

REPRESENTACIÓN SOCIAL.

CIG.

- D. Javier Iglesias Valiñas.

- D. Jesús A Varela Campos.

- D. Carlos Méndez Iglesias.

UGT.

- D. Santiago González Andión.

- D. Manuel Vila Campos.

- D. José Carlos Casal Iglesias.

CCOO.

- D. Óscar Heleno Iglesias.

- D. Antonio Castillo Estévez.

- D. Sergio Fuentes Gaspar.

- D. Fco. Javier Garaboa Castro.

- D. Francisco Estévez Rodríguez.

En Vigo, nos locais da CEP, sendo as 10:00 horas do día 29 de abril do 2025, reúnense a mesa da comisión negociadora do Convenio colectivo do sector de Carpintería, Ebanistería e Actividades Afíns da provincia de Pontevedra (36000215011982).

ACORDAN:

Primeiro.- Dar a seguinte redacción ao artigo 28º SALARIOS:

1. Todo o persoal afectado polo presente convenio percibirá, durante o ano 2025, as retribucións do Anexo III.
2. Para o ano 2025 acordase un incremento salarial do 3,1%, sobre a táboa do ano 2024.

Segundo.- Dar a seguinte redacción ao artigo 29º REVISIÓN SALARIAL:

No suposto de que o IPC rexistrase a 31 de decembro de 2025 un incremento respecto ao 1 de xaneiro superior ao 3,1%, efectuarase unha revisión salarial no devandito exceso. Este exceso, co tope do 1%, devengará atrasos dende o 1 de xaneiro do 2025.

Se, tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, operase unha revisión salarial, a Comisión Paritaria deberá reunirse necesariamente dentro dos 15 días seguintes á data en que se coñezan os datos oficiais, co obxecto de cuantificar o exceso e proceder á elaboración da nova táboa salarial do 2025.

Dita táboa revisada, servirá de base de cálculo para o incremento do ano seguinte.

Terceiro.- Autorízase á persoa habilitada do Consello Galego de Relacións Laborais, para que faga os trámites necesarios para o rexistro, depósito e publicación do texto da presente acta na Plataforma REGCON, así como en todos os rexistros correspondentes.

Fíxase a próxima reunión para o martes, 14 maio, ás 10:00 horas na CEP.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remátase a reunión, sendo as 11:30 horas do día e lugar arriba indicados, de todo o cal as partes dan fe coa súa firma.

<i>Anexo III</i>					
<i>TÁBOA SALARIAL 2025</i>					
<i>GRUPO</i>	<i>SUBGRUPO</i>		<i>SALARIO</i>	<i>SALARIO ANUAL</i>	<i>Hora Extra</i>
Grupo 1	Técnicos	Enxeñeiro	1.949,39	27.291,52	18,00
		Titulado de Grao Superior	1.949,39	27.291,52	18,00
		Analista de Sistemas	1.949,39	27.291,52	18,00
		Director de Área ou Servizo	1.949,39	27.291,52	18,00
		Arquitecto	1.949,39	27.291,52	18,00
		Licenciado	1.949,39	27.291,52	18,00
Grupo 2	Técnicos	Enxeñeiros Técnicos	1.916,36	26.829,05	17,90
		Técnicos en Relacións Laborais	1.916,36	26.829,05	17,90
		Titulados de Grao Medio	1.916,36	26.829,05	17,90
		Axudantes de Enxeñería e Arquitectura	1.916,36	26.829,05	17,90
Grupo 3	Técnicos	Analista Programador	1.895,06	26.530,85	17,85
		Delineante Proxectista	1.895,06	26.530,85	17,85
		Debuxante Proxectista	1.895,06	26.530,85	17,85
	Técnicos	Xefe de Oficina,	1.895,06	26.530,85	17,85
		Xefe de Área ou Servizo	1.895,06	26.530,85	17,85
		Xefe de Oficina Técnica	1.895,06	26.530,85	17,85
	Operarios	Encargado Xeral	1.895,06	26.530,85	17,85
		Xefe de Taller	1.895,06	26.530,85	17,85
Grupo 4	Técnicos	Técnico en Xeral non Titulado	1.796,82	25.155,43	16,65
		Delineante Técnico Especialista	1.696,30	23.748,26	16,25
		Delineante de 1ª	1.696,30	23.748,26	16,25
		Programador	1.696,30	23.748,26	16,25
	Operarios	Encargado de Sección	1.825,23	25.553,23	17,50
		Encargado de Produción	1.825,23	25.553,23	17,50
		Xefe de Equipo	1.754,90	24.568,54	16,40
		Oficial Preparador-Trazador	1.754,90	24.568,54	16,40
Grupo 5	Técnicos	Oficial 1ª Administrativo	1.696,30	23.748,26	16,25
		Oficial 2ª Administrativo	1.594,88	22.328,39	15,85
		Delineante Técnico Auxiliar	1.594,88	22.328,39	15,85
		Delineante de 2ª	1.594,88	22.328,39	15,85
		Viaxante	1.594,88	22.328,39	15,85
	Operarios	Oficial 1ª	1.690,62	23.668,73	16,15
		Condutor de Vehículos ou Maquinaria (1)	1.690,62	23.668,73	16,15
Grupo 6	Técnicos	Auxiliar Administrativo	1.534,65	21.485,15	15,65
		Telefonista/Recepcionista	1.534,65	21.485,15	15,65
	Operarios	Condutor de Vehículos ou Maquinaria (2)	1.628,21	22.794,89	16,05
		Axudante en Xeral	1.564,89	21.908,50	15,70
Grupo 7	Operarios	Peón	1.503,46	21.048,38	15,65
		Operario de Limpeza	1.503,46	21.048,38	15,65

(1) carné especial

(2) Non carné especial

ACORDO (BOP Núm. 137 - Luns, 21 de xullo de 2025)

ACORDO PARCIAL DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL DAS EMPRESAS DO SECTOR DE CARPINTERIA, EBANISTERIA E ACTV.AFÍNS PARA OS ANOS 2022 A 2024, QUE FOI PUBLICADO NO BOP NÚMERO 74 DE DATA 18.04.2023.

Convenio o Acordo: CARPINTERIA EBANISTERIA E ACTV. AFÍNS.

Expediente: 36/01/0146/2025.

Data: 15/07/2025.

Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN.

Código de Convenio número 36000215011982.

Visto o acordo parcial da Comisión negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral das empresas do sector de CARPINTERIA, EBANISTERIA E ACTV.AFÍNS para os anos 2022 a 2024, que foi publicado no BOP número 74 de data 18.04.2023, con domicilio na provincia de Pontevedra, mediante o que se dá cumprimento ao Real Decreto 1026/2024, do 8 de outubro, polo que se desenvolve o conxunto planificado das medidas para a igualdade e non discriminación das persoas LGTBI nas empresas, que se incorpora como anexo ao devandito convenio, acordo que foi subscrito, con data 26 de maio de 2025, dunha parte, polas organizacións empresariais Asociación Comarcal de Empresarios de A Estrada(ACE) e a Asociación de Empresarios da Madeira de Pontevedra(ASEMA) e da parte social polas Centrais sindicais CCOO, CIG e UGT.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado no Departamento Territorial de Vigo en data 4 de xullo do 2025

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Este departamento territorial, ACORDA:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en galego

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

